

BASES DA IV COPA DEPUTACIÓN DE FÚTBOL SALA (ANO 2023)

PRIMEIRA: As categorías sénior e grupos de competición da Copa Deputación de Fútbol Sala son os que se definen a continuación, todos eles coa súa sede social na provincia de Lugo:

SÉNIOR FEMININO (EQUIPOS PARTICIPANTES NA TEMPADA 2023/2024)
<ul style="list-style-type: none"> • PREFERENTE FEMENINA F.S. • 1ª AUTONÓMICA FEMININA F.S.
SÉNIOR MASCULINO (EQUIPOS PARTICIPANTES NA TEMPADA 2023/2024)
<p>PRIMEIRA DIVISIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • TERCEIRA DIVISIÓN F.S. • PREFERENTE MASCULINA F.S. <p>SEGUNDA DIVISIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 1ª AUTONÓMICA F.S. • 2ª AUTONÓMICA F.S.

SEGUNDA: Todos os equipos deberán ter cuberto o **ANEXO I (ficha de participación)** de **forma obrigatoria**. Do mesmo xeito, acompañando obrigatoriamente o ANEXO I, cumprirá achegar unha **certificación de conta bancaria** co nome do club ou entidade participante na competición. Na certificación deberá figurar o **nome do representante**, ou representantes, do club ou entidade, como responsables autorizados da entidade participante. O certificado debe ser actual, é dicir, do ano 2023. Tamén deberán presentar unha copia do **NIF do club** ou entidade.

TERCEIRA: A Real Federación Galega de Fútbol e a Deputación determinan o sistema de competición, que obrigatoriamente deberán trasladar aos clubs participantes. As eliminatorias realizaranse por sorteo público, e actuará como local o equipo de inferior categoría federativa e no caso de que tras o sorteo ou eliminatorias posteriores sexan da mesma categoría segundo o resultado do sorteo. Cada clube só poderá participar cun equipo en cada categoría. O lugar de celebración das finais de todas as categorías disputaranse en sede única e/ou segundo as necesidades estipuladas pola organización do campionato.

CUARTA: A duración dos encontros será a seguinte:

- **Feminino e Segunda División Masculina : PREVIAS:** 2 partes de 20' a reloxo corrido + 5' a reloxo parado.
FINAL: 2 partes de 20' a reloxo parado.
- **Primeira División Masculina:** 2 partes de 20' a reloxo parado (previas e final).

QUINTA : Todas as eliminatorias serán a partido único. Establécese a resolución no caso de empate ao final do encontro mediante o regulamentario lanzamento de penaltis para fases previas, cuartos de final e semifinais. Na final, realizaríase unha prórroga segundo o regulamentado, de persistir o empate efectuaranse lanzamentos de penaltis.

SEXTA: A hora de comezo de cada encontro fixarase de acordo aos criterios que no seu caso establezan a Federación e os equipos participantes. Sendo as franxas horarias para as fases previas á final os sábados de 16:00 a 20:00 horas

35451643H
RAFAEL LOUZAN
(R: G15055890)

Firmado digitalmente por
35451643H RAFAEL LOUZAN
(R: G15055890)
Fecha: 2023.08.21 22:39:18
+02'00'

1

	IV7PQLL3DYRPIVE7VXWSCIIIOU	Fecha y Hora	21/08/2023 22:54:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	RAFAEL LOUZAN ABAL		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PQLL3DYRPIVE7VXWSCIIIOU	Página	1/5



e os domingos de 11:00 a 13:30 e de 16:00 a 19:00 horas. Non entanto, ambos os clubs de común acordo poderán variálos, debendo comunicarllos á Real Federación Galega de Fútbol ou á súa Delegación en Lugo dentro do prazo establecido regulamentariamente para tal fin.

SÉPTIMA: Todos/as os/as xogadores/as que interveñan deberán estar regulamentariamente inscritos nos seus respectivos clubs e terán aboada a cota correspondente da Mutualidade de Futbolistas Españóis e con licenza activa. O mesmo sucede para o caso de técnicos e oficiais.

OITAVA: O número de xogadores/as convocados poderán ser de un máximo de 14 en cada partido.

NOVENA: Os árbitros designados polo Comité Galego de Árbitros, procurando que sexan os da máxima categoría. O pagamento do recibo correspondente corre a cargo do equipo local, agás na final, no que cada club participante asumirá o 50% do seu custo.

DÉCIMA: Nesta competición NON se lle pode cobrar entrada a ninguén, sendo xa que logo, o acceso aos partidos libre para toda aquela persoa que desexa acudir a eles.

UNDÉCIMA: Das incidencias no desenvolvemento desta Competición entende o Comité de Competición de la Real Federación Galega de Fútbol, polo que as posibles sancións deportivas seguirán o Regulamento Disciplinario de Fútbol Sala da Real Federación Galega de Fútbol. Ante casos de indisciplina graves a Deputación de Lugo resérvase o dereito de adoptar medidas con carácter inmediato, agás aquelas de carácter deportivo que serán competencia da Federación.

DUODÉCIMA: Os xogadores que sexan expulsados por parte do colexiado, e así quede reflexado na acta do partido, con tarxeta vermella directa non poderán disputar o seguinte partido da competición da IV Copa Deputación de Lugo.


DÉCIMO TERCEIRA: Establécese que ao final do encontro o campión e subcampión da IV Copa Deputación Provincial de Lugo de Fútbol Sala das categorías sinaladas no apartado primeiro, reciban os trofeos correspondentes doados pola Deputación Provincial.

DÉCIMO CUARTA: As distintas finais por categorías disputaranse na data e a hora que no seu caso se definan.

DÉCIMO QUINTA: Estas normas publicaranse na web da Deputación de Lugo.

35451643H
RAFAEL LOUZAN
(R: G15055890)

Firmado digitalmente
por 35451643H RAFAEL
LOUZAN (R: G15055890)
Fecha: 2023.08.21
22:39:33 +02'00'

	IV7PQLL3DYRPIVE7VXWSCIIIOU	Fecha y Hora	21/08/2023 22:54:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	RAFAEL LOUZAN ABAL			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PQLL3DYRPIVE7VXWSCIIIOU	Página	2/5	

DÉCIMO SEXTA:

A) A Deputación de Lugo concederá os respectivos premios económicos polos resultados deportivos logrados por cada un dos participantes en función dos partidos efectivamente disputados, eliminatorias superadas e respectivas finais. Para a asignación de premios aplicaráse o mecanismo de atribución de puntos previsto pola Real Federación Galega de Fútbol e que se determina na **TÁBOA I** anexa, establecendo un valor en euros de cada punto de cinco euros (5 €). Os partidos que non se puideran celebrar, quedarán definitivamente anulados para os efectos de atribución de premio e non procederá ningunha asignación de puntos a ningún dos dous (2) clubs inicialmente participantes no respectivo partido.

Dadas as previsións contidas nas presentes bases, o número máximo de puntos (bolsa máxima de puntos) será de **4.000 puntos** (catro mil puntos). A referida bolsa correspóndese expresamente co número máximo de puntos a asignar segundo o número máximo de partidos (eliminatorias) a disputar na presente competición de acordo ao respectivo calendario federativo e ao cadro anexo de asignación de puntos. Por tanto, en ningún caso se poderá realizar unha atribución de puntos que supere a bolsa máxima establecida.

En consecuencia, non se poderá dividir ou ratear o respectivo número de puntos previstos por cada partido (eliminatoria) ou final de acordo ao cadro anexo.

Así mesmo, en ningún caso se poderá dividir ou ratear o valor en euros de cada punto, determinado en cinco euros (5 €) euros por punto asignado.


B) A Real Federación Galega de Fútbol deberá remitir a Deputación de Lugo, unha vez finalizado o torneo, e en todo caso, con data límite 10 de novembro de 2023, a seguinte documentación:

- Certificación federativa do cadro de puntuación definitiva de cada club deportivo de acordo aos resultados deportivos da competición. A certificación deberá reflectir a atribución definitiva de sumatorio de puntos de cada un dos equipos participantes, distribuídos por categorías, e indicando o importe do premio que lle corresponderá a cada entidade, en aplicación das previsións determinadas nestas bases e no cadro anexo previsto pola Federación Galega de Fútbol.
- Memoria da competición asinada por representante legal de FUTGAL na que se reflecta a relación de participantes, cos datos e resultados en cada unha das categorías, con indicación expresa de local e visitante en cada un dos partidos e eliminatorias.
- A documentación relacionada na base segunda de todos e cada un dos clubs participantes. A non presentación da referida documentación implicará a imposibilidade de realización do pagamento dos premios.

35451643H
RAFAEL LOUZAN
(R: G15055890)

Firmado digitalmente por
35451643H RAFAEL LOUZAN
(R: G15055890)
Fecha: 2023.08.21 22:40:37
+02'00'

3

	IV7PQLL3DYRPIVE7VXWSCIIIOU	Fecha y Hora	21/08/2023 22:54:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	RAFAEL LOUZAN ABAL			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PQLL3DYRPIVE7VXWSCIIIOU	Página	3/5	


C) A Real Federación Galega de Fútbol, como entidade organizadora da competición asume a responsabilidade das normas establecidas nas presentes bases. Estas normas publicaranse na web da Deputación de Lugo.

DÉCIMO SÉPTIMA: Dado que a Área de Deportes, Artesanía e Deseño, Memoria Histórica da Deputación de Lugo lles aboará pola súa participación cantidades económicas en concepto de premio de acordo cos criterios establecidos aos equipos participantes, a non comparecencia voluntaria e sen causa ou motivo de forza maior de un club participante en algún dos partidos incluídos na competición, implicará a imposibilidade de percibir ningún importe en concepto de premio por participación na IV Copa Deputación de fútbol sala. A non comparecencia deberá estar acreditada pola Federación.

DÉCIMO OITAVA: Establecese que ao final do encontro, o Campión e Subcampión da IV Copa Deputación Provincial de Lugo, das categorías sinaladas no apartado primeiro, recibirán as medallas e trofeos correspondentes doados pola Deputación Provincial.

35451643H
RAFAEL LOUZAN
(R: G15055890)

Firmado digitalmente por
35451643H RAFAEL
LOUZAN (R: G15055890)
Fecha: 2023.08.21
22:40:55 +02'00'

	IV7PQLL3DYRPIVE7VXWSCIIIOU	Fecha y Hora	21/08/2023 22:54:26	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	RAFAEL LOUZAN ABAL			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PQLL3DYRPIVE7VXWSCIIIOU	Página	4/5	

TÁBOA I

	Puntos-Premio por participación. Por cada eliminatoria xogada como visitante (agás a final)	Puntos-Premio por participación. Por cada eliminatoria xogada como local (agás a final)	Puntos-Premio Finalistas *
PRIMEIRA DIVISIÓN SÉNIOR MASCULINO	42 puntos	69 puntos	1º Clasificado: 149 puntos 2º Clasificado: 78 puntos
SÉNIOR FEMININO	42 puntos	69 puntos	1º Clasificado: 149 puntos 2º Clasificado: 78 puntos
SEGUNDA DIVISIÓN SÉNIOR MASCULINO	38 puntos	57 puntos	1º Clasificado: 102 puntos 2º Clasificado: 52 puntos

35451643H
RAFAEL LOUZAN
 (R: G15055890)

Firmado digitalmente
 por 35451643H RAFAEL
 LOUZAN (R: G15055890)
 Fecha: 2023.08.21
 22:41:09 +02'00'

	IV7PQLL3DYRPIVE7VXWSCIIIOU	Fecha y Hora	21/08/2023 22:54:26
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	RAFAEL LOUZAN ABAL		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PQLL3DYRPIVE7VXWSCIIIOU	Página	5/5

